



Concello de Outeiro de Rei

SESIÓN PLENARIA CONSTITUTIVA DE 17 DE XUÑO DE 2023

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as doce horas do día 17 de xuño de dous mil vinte e tres, e concurrendo ao presente acto de constitución a totalidade dos candidatos proclamados electos pola Xunta Electoral de Zona de Lugo, na sesión de data de 5 de xuño de 2023, vaise proceder á constitución da nova Corporación municipal 2023-2027 e proceder á elección do alcalde.

Así, “dacordo cos trámites procedimentais que indican a Lei orgánica do réxime electoral xeral (LOREG), o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), procede desenvolver as seguintes actuacións:

- En primeiro lugar a formación da Mesa de idade
- A continuación a constitución da Corporación
- E por último a elección do alcalde-presidente da Corporación do Concello de Outeiro de Rei.

Procédese, polo tanto, en primeiro lugar a formación da Mesa de idade”

Primeiro.- Formación da Mesa de idade-

A señora secretaria le o artigo 195 da Lei orgánica 5/1985, de réxime electoral xeral, que establece que:

1. *As corporacións municipais constitúense en sesión pública o vixésimo día posterior ao desenvolvemento das eleccións, salvo que se presentara recurso contencioso-electoral contra a proclamación dos concelleiros electos, nese suposto constitúense o cuadraxésimo día posterior as eleccións.*
2. *Para tal finalidade constitúese unha mesa de idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como secretario o que o sexa da corporación.*
3. *A Mesa comproba as credenciais presentadas, ou acreditacións da personalidade dos electos con base as certificacións que lle remitira ao Concello a Xunta electoral de zona.*
4. *Realizada a operación anterior, a Mesa declarará constituída a corporación se concorren a maioría absoluta dos concelleiros electos. En caso contrario, a sesión desenvolverase dous días despois, quedando constituída a corporación sen ter en conta o número dos concelleiros presentes.*

En aplicación do artigo 195 da Lei orgánica de Réxime Electoral Xeral e dos datos obrantes en Secretaría, despréndese que o concelleiro electo de maior idade é Don José Yebra Amorín e o de menor idade, Dona Tania Díaz Seijas, polo que o primeiro actuará como Presidente da Mesa, o segundo como vocal e como Secretaria da mesma, a que o é da Corporación.





Concello de Outeiro de Rei

A mesa de idade constata a asistencia da totalidade dos concelleiros e concelleiras proclamados electos así coma a presentación das declaracións de causas de posible incompatibilidade e de bens e dereitos.

A mesa de idade constata a presentación das credenciais dos electos e electas da nova Corporación e declárase acreditada a personalidade dos mesmos, que son os seguintes por orde de acta de proclamación de electos de 5 de xuño de 2023:

Nome e apelidos:

Lista electoral

D. José Pardo Lombao	PP
Dona. María Begoña Seco Varela	PP
D. José Yebra Amorín	PP
Dona. Pilar Méndez Lombao	PP
D. Jesús Fernández García	PP
Dona. María José Martínez Vigo	PP
D. Fermín López González	PP
Dona. Tania Díaz Seijas	PP
D. Luis Alfonso Trigo Fernández	PP
D. Xosé Ferreiro Fernández	BNG
Dona. Elvira Lombao Vila.....	BNG
D. Miguel Vieito Villar	BNG
Dona. Maria del Carmen Acacio López	PSOE

Non se aprecia causa de incompatibilidade de ningún dos concelleiros electos.

Habida conta de que se cumpre a esixencia do apartado 4 do art. 195 da Lei orgánica 5/1985 e do apartado catro do artigo 37 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e que concurren a esta sesión a maioría absoluta dos concelleiros electos declárase constituída a sesión.

A continuación procédese a tomar xuramento ou promesa aos candidatos proclamados electos. A tal fin, a secretaria da Corporación, actuando como secretaria da Mesa de Idade, pregunta:

“JOSÉ PARDO LOMBAO ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.

Si, prometo.

MARÍA BEGOÑA SECO VARELA ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.

Si, prometo.

JOSÉ YEBRA AMORÍN ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.





Concello de Outeiro de Rei

Si, prometo.

PILAR MENDEZ LOMBAO ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.

Si, prometo.

JESÚS FERNÁNDEZ GARCÍA, ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.

Si, prometo.

MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ VIGO ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.

Si, prometo.

FERMÍN LÓPEZ GONZÁLEZ, ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.

Si, prometo.

TANIA DÍAZ SEIJAS ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.

Si, prometo.

LUIS ALFONSO TRIGO FERNÁNDEZ ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.

SI, prometo.

XOSÉ FERREIRO FERNÁNDEZ ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.

Por imperativo legal, sí prometo

ELVIRA LOMBAO VILA, ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.

Si, coma republicana, galega y feminista e por imperativo legal, sí prometo.





Concello de Outeiro de Rei

MIGUEL VIEITO VILLAR, ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.

Por imperativo legal, sí prometo

MARÍA DEL CARMEN ACACIO LOPEZ, ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?.

Si, prometo.

Declárase constituída a Corporación Municipal.

2.- Elección de Alcalde

Acto seguido, procédese á elección do Alcalde da Corporación, de conformidade co procedemento previsto no artigo 196 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, cuxo a cuxo teor literal da lectura a Secretaria en viva voz:

“En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:

- a. Pueden ser candidatos todos los concejales que encabezen sus correspondientes listas.*
- b. Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los concejales es proclamado electo.*
- c. Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el concejal que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo.”*

Rematada a lectura, a Secretaria da Mesa de Idade pregunta:

“D. JOSÉ PARDO LOMBAO: ¿Desexa presentar a súa candidatura á elección de Alcalde?.

Si.

D. XOSÉ FERREIRO FERNÁNDEZ: ¿Desexa presentar a súa candidatura á elección de Alcalde?.

Si.

MARÍA CARMEN ACACIO LÓPEZ, ¿Desexa presentar a súa candidatura á elección de Alcalde?.

Si”.





Concello de Outeiro de Rei

O Secretario informa que o réxime de votación será o ordinario, empezándose por someter a votación a candidatura correspondente á lista máis votada.

Realizada a votación, o resultado da votación da candidatura presentada por José Pardo Lombao é o seguinte:

Nove votos a favor, pertencentes aos concelleiros do Grupo municipal do Partido Popular, tres votos a favor da candidatura de Xosé Ferreiro Fernández e un voto a favor da candidatura de María del Carmen Acacio López.

Polo tanto, de conformidade co disposto no artigo 196.B da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, en tanto acadan a maioría absoluta dos membros presentes, resulta proclamado Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, don José Pardo Lombao.

A Secretaria da Mesa de Idade pregunta:

“D. José Pardo Lombao, ¿Xuras cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?”.

Si, prometo.

O Secretario informa que, neste acto, resulta proclamado electo Alcalde do Concello de Outeiro de Rei don José Pardo Lombao.

Antes da entrega do bastón de mando infórmase á nova corporación de que o Inventario de Bens atópase actualizado a 29/12/2022.

Igualmente na acta de arqueo constan os seguintes datos: 495.505,6€

A Continuación, o Concelleiro de maior idade, don José Yebra Amorín, entrega o bastón de Alcaldía ao Alcalde proclamado electo, quen o toma e efectúa o discurso de proclamación.

Tras un breve discurso, o Alcalde proclamado electo levanta a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos, da que eu Secretaria, estendo a presente acta.

A Secretaria

VºP. O Alcalde

Asdo.: Cristina Castro Fuentes

Asdo.: José Pardo Lombao





Concello de Outeiro de Rei

